

## ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL CAMBRE

*Aprobación definitiva do expediente de crédito extraordinario 3/2024 e suplemento de crédito núm. 3/2024*

De conformidade cos artigos 169 e 177.2 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, considérase definitivamente aprobado o expediente de modificación de crédito, expediente de crédito extraordinario número 3/2024 e suplemento de crédito número 3/2024, unha vez aprobado inicialmente polo Pleno en sesión ordinaria celebrada o día 31 de outubro de 2024, publicado no Boletín oficial da Provincia núm. 214, de data 6 de novembro de 2024, e transcorrido o prazo de quince días sen se presentar reclamacións ao mesmo.

Capítulo	Crédito anterior	Suplemento de crédito 3/2024	Crédito extraordinario 3/2024	Crédito definitivo
I Gastos de persoal	8.331.734,21 €			8.331.734,21 €
II Gastos correntes en bens e servizos	12.657.677,87 €	216.915,03 €		12.874.592,90 €
III Gastos financeiros	128.000,00 €			128.000,00 €
IV Transferencias correntes	2.513.434,73 €			2.513.434,73 €
VI Inversións reais	5.214.690,51 €	1.828.294,96 €	4.249,45 €	7.047.234,92 €
VII Transferencias de capital	39.524,10 €			39.524,10 €
VIII Activos financeiros	33.610,00 €			33.610,00 €
IX Pasivos financeiros	- €			- €
Totais	28.918.671,42 €	2.045.209,99 €	4.249,45 €	30.968.130,86 €

Segundo o disposto no artigo 171.1 do devandito Real decreto legislativo 2/2004, poderase interpoñer directamente contra os anteditos crédito extraordinario e suplemento de crédito, recurso contencioso-administrativo ante a sala correspondente do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses a contar dende a data seguinte á publicación deste anuncio.

O que se fai público para o xeral coñecemento e efectos.

Cambre, a 28 de novembro de 2024

O concelleiro delegado da área de Economía, Facenda, Innovación Tecnolóxica e Seguridade Cidadá

PD. (R.A. núm. 469/2024, de 12/04/2024)

Daniel Mallo Castro

2024/8641